

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15624 *Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía (en diante, MNCARS) cumpriu ao longo da súa recente historia co obxectivo de conservar, acrecentar, expor e divulgar as diversas manifestacións de arte moderna e contemporánea, española e internacional, que integran os seus fondos, ao mesmo tempo que dinamizou a produción artística contemporánea e favoreceu o acceso do público ao coñecemento e desfrute de tales creacións.

Desde as súas orixes como centro expositivo no ano 1986, ata a súa consolidación actual como referente museístico de vangarda no panorama internacional, a evolución do MNCARS reflicte o propio desenvolvemento da noción de museo nas últimas décadas. Superado o tradicional modelo de institución centrada nas funcións de custodia e preservación, o MNCARS exemplifica a consolidación da dimensión social do museo, convertido en auténtico foro multidisciplinar de experimentación, xeración de coñecemento e debate na esfera pública.

As implicacións deste proceso afectan a totalidade de funcións que o Museo debe prestar en garantía do interese público e xustifican a necesidade actual de adecuar o réxime xurídico da institución ás exixencias de organización e funcionamento propias dun centro dinámico de arte contemporánea.

Este novo réxime xurídico permitirá ao MNCARS formar parte dun novo paradigma de museos e centros de arte, que entende estes como espazos vivos, que ofrecen un servizo á sociedade e que son próximos a toda a cidadanía. Este novo paradigma vai máis aló do dinamismo deste tipo de institucións, xa que as fai, ademais, permeables ás realidades sociais. Así mesmo, esta lei axudará a converter o MNCARS nun «museo sustentable» baseado en tres aspectos: liderado e responsabilidade social e ambiental, financiamento sustentable con novas estratexias de financiamento a longo prazo e garantía da investigación e a formación cultural e artística das xeracións futuras.

II

Transcorridas dúas décadas desde a súa apertura ao público como museo nacional, a historia do organismo evidencia unha constante vontade de modernización e compromiso coa creación contemporánea. E isto tanto na formación e enriquecemento da súa colección como na reforma e ampliación das súas instalacións para dar cabida a unha crecente oferta de actividades públicas, paralela ao incesante incremento do número de visitantes.

A colección do MNCARS, núcleo e trazo distintivo da institución, está integrada por obras realizadas desde finais do século XIX ata os nosos días, representativas do

transcurso da modernidade artística española e a súa interacción cos discursos e prácticas artísticas internacionais.

A colección formouse a partir da recepción inicial de parte dos fondos artísticos que no seu día estaban integrados no Museo Español de Arte Contemporánea, creado orixinariamente mediante o Real decreto do 4 de agosto de 1894 baixo a denominación de Museo de Arte Contemporánea, inaugurado no ano 1898 co nome de Museo de Arte Moderna, obxecto de varias extincións e refundacións ao longo do século XX ao fío de sucesivas integracións e separacións con respecto aos fondos do Museo Nacional do Prado e finalmente situado, desde o ano 1975, nunha sede propia situada na Cidade Universitaria de Madrid.

A aqueles fondos sumáronse as obras de arte de finais do século XIX e do século XX que custodiaba o Museo Nacional do Prado, como consecuencia da distribución dos fondos artísticos estatais entre ambas as institucións, levada a cabo mediante o Real decreto 410/1995, do 17 de marzo, sobre reordenación das coleccións estables do Museo Nacional do Prado e do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, que estableceu como referencia temporal delimitadora da reordenación o ano do nacemento de Pablo Picasso. Trátase dun criterio xeral matizado por unha serie de excepcións recollidas na citada norma. En virtude da regra exposta quedaron asignadas ás coleccións do MNCARS as obras de artistas nados a partir do ano 1881.

Ese núcleo inicial de obras foi obxecto dun continuo proceso de enriquecemento a través de doazóns, legados e dacións en pagamento así como das adquisicións do propio Museo e das novas adscricións de obras realizadas polo Estado. No momento presente os fondos superan as dezaseis mil obras, que abranguen todo tipo de disciplinas e técnicas artísticas.

Co fin de albergar e preservar adecuadamente as obras de arte integrantes da colección, presentar exposicións temporais e ofrecer unha crecente programación de actividades culturais e unha maior variedade de servizos públicos aos visitantes, o MNCARS acometeu sucesivas e profundas reformas nos seus espazos e instalacións, sendo a sede orixinaria o antigo Hospital Xeral de Madrid, que culminaron no ano 2005, coa inauguración oficial dos espazos proxectados polo arquitecto Jean Nouvel.

Estas obras, que comezaron en 2001, supuxeron un incremento de espazo de máis do sesenta por cento sobre a superficie do edificio antigo, e con elas alcanzouse un total de preto de oitenta e cinco mil metros cadrados. A ampliación executada consta de tres novos edificios intercomunicados que permitiron dar resposta ás actuais necesidades espaciais e funcionais do Museo, co apoio das novas tecnoloxías, ao tempo que se integrou de maneira coherente e respectuosa co edificio histórico de Sabatini.

III

Desde o punto de vista da súa evolución administrativa, o antecedente inmediato do Museo é o Centro de Arte Raíña Sofía, inaugurado en abril de 1986 e dedicado á presentación de exposicións temporais. A transformación do Centro de Arte en museo nacional tivo lugar mediante o Real decreto 535/1988, do 27 de maio, polo que o «Centro de Arte Raíña Sofía» se configura como museo nacional. En outubro de 1990 producíase a súa efectiva apertura ao público como museo nacional e tan só dous anos despois, en setembro de 1992, celebrábase a inauguración oficial da colección permanente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

O artigo 83 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1990, dispuxo a transformación do Centro de Arte nun organismo autónomo de carácter administrativo e encomendou ao Goberno a aprobación do seu estatuto mediante real decreto. A partir de entón, o MNCARS configurouse como un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Cultura. Dispón como tal de personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e réxese polo establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; na Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español; na lexislación vixente sobre museos de titularidade estatal e no seu propio estatuto, que foi aprobado

mediante o Real decreto 318/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, e modificado sucesivamente polo Real decreto 2104/1996, do 20 de setembro, e o Real decreto 992/2000, do 2 de xuño.

A modificación máis recente do referido estatuto levouse a cabo mediante o Real decreto 1291/2007, do 28 de setembro. A citada norma introduciu notables cambios na distribución de competencias dos órganos directivos do organismo, como consecuencia última do proceso de reforma no ámbito cultural iniciado a partir da aprobación por Consello de Ministros, o 7 de setembro de 2007, do Plan de modernización das institucións culturais da Administración xeral do Estado, que prevía a implantación de códigos de boas prácticas nas institucións de especial relevancia dependentes do Ministerio de Cultura, entre elas o MNCARS, para unha mellora na calidade dos servizos que prestan á cidadanía.

IV

Nos últimos anos, o MNCARS advertiu a necesidade de acometer unha profunda modernización do réxime xurídico da institución, que permita adecuar o seu sistema de organización e xestión ás exigencias propias do dinamismo inherente a un centro de arte contemporánea.

A modificación da natureza xurídica dos museos, en atención á singularidade dos servizos públicos que presta, foi un fenómeno xeneralizado entre os grandes museos do resto de Europa. Centrándonos especificamente no ámbito nacional, contamos co precedente inmediato do Museo Nacional do Prado, que abandonou a figura de organismo autónomo de carácter administrativo que mantiña desde o ano 1985 para se converter en organismo público ao abeiro do previsto na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. A conversión levouse a cabo mediante a Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, e viuse completada co Real decreto 433/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional do Prado.

A relevancia cultural do MNCARS alenta a necesidade de alcanzar novamente o máis alto grao de consenso na seguinte fase de modernización e estabilización do organismo. A transformación xurídica do Museo empréndese co obxectivo de flexibilizar e axilizar as posibilidades de xestión do organismo para o cumprimento dos seus fins estatutarios, fomentar a xeración de recursos financeiros propios incrementando o seu nivel de autofinanciamento, diversificar e mellorar a oferta de actividades para responder ás demandas dos diversos usuarios e, en definitiva, dotar a institución dun marco xurídico que confira unha maior eficacia e calidade ao servizo público prestado, dentro do ámbito de garantías propio da Administración xeral do Estado.

V

As razóns apuntadas fan necesario un novo marco xurídico que dea resposta, en óptimas condicións, á situación que se presenta. Este novo réxime establece basicamente o seguinte modelo xurídico-organizativo:

- a) Un réxime xurídico de dereito público, con posibilidade de actuación no marco do dereito privado, que se someta ás disposicións da Lei xeral orzamentaria e demais normas aplicables.
- b) Un réxime de persoal baseado no dereito laboral, que se inspirará nos principios de mérito e capacidade.
- c) Un réxime de contratación sometido á Lei de contratos do sector público, sen prexuízo das peculiaridades do réxime xurídico de contratación para as actividades comerciais do Museo.
- d) Un réxime orzamentario específico que facilite a xestión orzamentaria e que permita a aplicación dos recursos financeiros propios ás actividades do Museo.

A lei perfila, de maneira sumaria, pois requirirá un amplo desenvolvemento no futuro estatuto do Museo, as liñas xerais que se acaban de expor.

Así, o capítulo I define a natureza do MNCARS que se converte nun organismo público con estatuto específico, en liña con outros organismos públicos recollidos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. De acordo coa súa natureza xurídico-pública, o MNCARS axustará a súa actuación ás prescricións das normas aplicables no exercicio da súa actuación administrativa, como a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e a propia Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coas excepcións sinaladas no propio texto. Así mesmo, resúltalle de plena aplicación a Lei de patrimonio histórico español.

O capítulo II refírese á organización do MNCARS. Prevense como órganos reitores o presidente, cargo que recae na persoa titular do Ministerio de Cultura, e a través do cal se efectúa a adscrición do organismo ao departamento; o Real Padroado, como órgano colexiado en que teñen cabida representantes do mundo da cultura e das artes plásticas, e o director, no cal se volve residenciar o groso das competencias administrativas.

A regulación do réxime de persoal lévase a cabo nas súas liñas xerais. A lei prevé, no capítulo III, a aplicación do réxime laboral para todo o persoal do Museo, así como que a súa actuación nesta materia se someterá ao marco de actuación que aproben os ministerios de Política Territorial e Administración Pública e de Economía e Facenda.

O capítulo IV regula o réxime patrimonial. Recolle, con carácter xeral, o réxime aplicable aos organismos públicos de réxime ordinario previsto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

O capítulo V contén o réxime de contratación, o orzamentario e o económico-financieiro. O Museo, na súa actividade contractual, sométese ás previsións da Lei de contratos do sector público, aínda que presenta a peculiaridade de que os contratos relacionados coa súa vertente comercial se axustarán unicamente ás previsións da lei aplicables aos poderes adxudicadores que non teñan a condición de Administración pública. En canto ao réxime orzamentario, remítese ao estatuto a previsión dun réxime de modificacións orzamentarias máis flexible para a xestión económica do organismo, e recóllese, así mesmo, un réxime de control financeiro permanente e auditoría pública.

As disposicións transitorias regulan o réxime de integración do persoal e do patrimonio do Museo na nova natureza xurídica deste. As disposicións adicionais refírense á accesibilidade universal, á utilización das distintas linguas oficiais e á colaboración coas comunidades autónomas. Por último, as disposicións derradeiras conteñen modificacións que afectan o Real Padroado do Museo Nacional do Prado e realizan adaptacións para manter o réxime do MNCARS en canto ao mecenado e o seu tratamento fiscal, así como prever como actividades prioritarias do mecenado aquelas que realice o MNCARS.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Denominación e natureza.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía é un organismo público dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar pública e privada para o cumprimento dos seus fins.

2. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, baixo o alto patrocinio de SS.MM. os Reis de España, está adscrito ao Ministerio de Cultura, a través da persoa titular do departamento, que desempeñará a súa presidencia.

Artigo 2. *Réxime xurídico e autonomía.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía axustará a súa actuación ao disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, á Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español, ao ordenamento xurídico privado, e ás previsións que lle sexan aplicables da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía exercerá as súas funcións con autonomía de xestión, dentro dos límites establecidos por esta lei, tendo en conta, en todo caso, a garantía do interese público, a satisfacción das necesidades culturais e sociais de España e a integridade e seguridade das coleccións e fondos museísticos.

Artigo 3. *Obxectivos e fins.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía ten por obxectivo a consecución dos seguintes fins:

a) Promover o coñecemento e o acceso do público á arte moderna e contemporánea nas súas diversas manifestacións e favorecer a comunicación social das artes plásticas, fotografía, audiovisuais, espectáculos en vivo e deseño.

b) Garantir a protección, conservación e restauración e promover o enriquecemento e mellora dos bens mobles e inmoables de valor histórico que integran o seu patrimonio.

c) Exhibir ordenadamente as coleccións en condicións adecuadas para a súa contemplación e estudo.

d) Desenvolver programas de exposicións temporais de arte moderna e contemporánea.

e) Fomentar o acceso ás coleccións e actividades de cidadáns españois e estranxeiros e facilitar o seu estudo aos investigadores, sen prexuízo das restricións que, por razón da conservación dos bens custodiados, se poidan establecer.

f) Impulsar o coñecemento, difusión e comunicación das obras e identidade cultural do patrimonio artístico do Museo e desenvolver actividades didácticas respecto aos seus contidos.

g) Prestar os servizos de asesoramento, información, estudo ou ditame de carácter científico ou técnico que lle sexan requiridos polos órganos competentes da Administración xeral do Estado, ou que deriven dos convenios ou contratos outorgados con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, nas condicións e requisitos que regulamentariamente se determinen.

h) Contribuír á formación e perfeccionamento de persoal especializado en museoloxía e museografía, tanto para atender as propias necesidades e servizos do Museo como para satisfacer as demandas doutros sectores.

i) Desenvolver programas de investigación e elaborar e publicar catálogos e monografías.

j) Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros museos, universidades, centros de investigación ou institucións culturais nacionais ou estranxeiras para favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos.

k) Desenvolver accións conxuntas coas entidades citadas no parágrafo anterior que poidan contribuír á mellor realización dos seus respectivos fins e organizar conxuntamente con elas exposicións temporais de artes plásticas.

l) Desenvolver programas de visibilidade da arte moderna e contemporánea española, así como das coleccións do MNCARS e da súa programación, a nivel nacional, acercándoo a toda a cidadanía; e internacional, mellorando o impacto global do Museo.

CAPÍTULO II

Organización do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía*Sección 1.^a Disposición xeral***Artigo 4. Órganos reitores do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.**

Os órganos reitores do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía son os seguintes:

- a) O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.
- b) O Real Padroado.
- c) O director do Museo.

*Sección 2.^a O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía***Artigo 5. Competencias.**

O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía é a persoa titular do Ministerio de Cultura, ao que corresponderá a súa tutela, así como a aprobación dos plans xerais de actuación e do anteproxecto de orzamento que lle someta o Real Padroado para a súa tramitación, conforme a Lei xeral orzamentaria.

*Sección 3.^a Real Padroado do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía***Artigo 6. Competencias.**

O Real Padroado é o órgano reitor colexiado do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía e funciona en pleno e en comisión permanente.

Artigo 7. Composición.

1. A presidencia de honra do Real Padroado corresponde a SS.MM. os Reis de España.

2. O Real Padroado está integrado por un mínimo de dezasete vogais e un máximo de trinta, oito dos cales, polo menos, terán o carácter de natos conforme o estatuto e tres serán nomeados rotatoriamente polos gobernos das comunidades autónomas que teñan recoñecidas nos seus estatutos as competencias exclusivas en materia de cultura e que contén, polo menos, cun centro dedicado a finalidades similares en ámbito e obxecto ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

3. O resto dos vogais terá o carácter de designados e serán nomeados e separados pola persoa titular do Ministerio de Cultura entre persoas de recoñecido prestixio ou competencia en asuntos relacionados coa cultura e as artes plásticas ou que se distinguisen polos seus servizos ou axudas ao Museo, tendo en conta a presenza equilibrada de mulleres e homes. Os vogais designados desempeñarán durante tres anos o seu mandato, que poderá ser renovado ata dúas veces por períodos de igual duración. O seu cesamento producirase ao rematar o seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato, falecemento ou incapacidade.

4. O Pleno do Real Padroado elixirá, entre os vogais por designación, un presidente e un vicepresidente, que serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Cultura por un período de cinco anos. Así mesmo, o Pleno, por proposta do director, designará un secretario, que non terá a condición de membro deste.

5. O Real Padroado actúa en pleno e en comisión permanente. Integran o Pleno a totalidade dos vogais natos e designados. A composición da Comisión Permanente será a que se estableza no estatuto.

Artigo 8. Funcións.

1. O presidente do Real Padroado desempeña a representación institucional do Museo e convoca e preside o Real Padroado en pleno e en comisión permanente.

2. O Pleno do Real Padroado establece, no marco desta lei e do estatuto, os principios de organización e dirección do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, determina as directrices da súa actuación e vela polo seu cumprimento nos termos que fixe o estatuto.

3. A Comisión Permanente impulsa e supervisa a estratexia e as liñas de actuación do Museo fixadas polo Pleno do Real Padroado, nos termos que fixe o estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Artigo 9. Principios fundamentais do Real Padroado.

Os principios fundamentais que caracterizan o Real Padroado son: imparcialidade, integridade, transparencia e obxectividade.

Sección 4.^a O director do Museo**Artigo 10. Nomeamento.**

O director do Museo é nomeado e separado por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do Ministerio de Cultura.

Para tales efectos, acudirase a un sistema de preselección que garanta a publicidade e concorrencia, que asegure a participación do Real Padroado, co asesoramento dun comité de expertos e profesionais do mundo da cultura e da súa xestión. A súa designación atenderá aos principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade.

Artigo 11. Funcións.

1. O director do Museo dirixe e coordina, no marco dos plans xerais de actuación do Museo, do seu orzamento e das directrices emanadas do Real Padroado, as actividades do Museo, os seus diferentes órganos e unidades, así como o seu persoal, nos termos que fixe o estatuto.

2. Así mesmo, correspóndelle a contratación en nome do organismo, a disposición de gastos e a ordenación de pagamentos e a rendición de contas.

CAPÍTULO III**Réxime de persoal****Artigo 12. Persoal do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.**

1. O persoal ao servizo do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía terá a consideración de persoal laboral, con suxeición ao Estatuto dos traballadores, ao Estatuto básico do empregado público e demais normas concordantes, sen prexuízo das disposicións transitorias contidas nesta lei respecto ao réxime aplicable ao persoal que preste servizos no organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no momento da entrada en vigor da nova regulación xurídica do Museo.

2. As condicións laborais do persoal do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía suxeitaranse ao réxime que estableza o seu convenio colectivo.

3. Ao persoal funcionario que no seu momento pase a prestar os seus servizos no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía como persoal laboral recoñeceráselle a situación administrativa de servizos especiais.

4. O exercicio do dereito á negociación colectiva levarase a cabo de acordo coa estrutura establecida nos correspondentes acordos Administración-sindicatos para a ordenación da negociación colectiva na Administración xeral do Estado.

Artigo 13. *Marco de actuación en materia de persoal.*

Os ministerios de Política Territorial e Administración Pública e de Economía e Facenda, conforme as súas respectivas competencias e por proposta do organismo, aprobarán o marco de actuación deste en materia de recursos humanos, no que se determinarán as liñas directrices sobre organización, estrutura de postos directivos, política de emprego e retribucións.

CAPÍTULO IV

Réxime patrimonial

Artigo 14. *Réxime patrimonial.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía terá para o cumprimento dos seus fins un patrimonio propio distinto ao do Estado, formado por todos os bens e dereitos que sexan da súa titularidade.

2. Así mesmo, quedarán adscritos ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía para o cumprimento das súas funcións os bens de dominio público de titularidade estatal que así se acorde, de conformidade co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

3. Os bens mobles e inmobles de interese cultural que formen parte do patrimonio do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía ou estean adscritos a el, someteranse ao réxime especial de protección e tutela establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Artigo 15. *Bens propios.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos en dereito, entendéndose implícita a afectación aos fins do Museo ao se aprobar a súa adquisición.

A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre estes requirirá o informe favorable previo do Ministerio de Economía e Facenda.

2. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, nas súas relacións patrimoniais que teñan por obxecto bens de carácter patrimonial de titularidade do organismo, quedará suxeito ao dereito privado, sen prexuízo das especialidades contidas nesta lei e das limitacións derivadas da aplicación, se é o caso, da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 16. *Bens adscritos.*

1. A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeranse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas. Os bens conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e correspóndelle ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía a súa utilización, conservación, administración e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

2. Os bens mobles e inmobles do Patrimonio do Estado adscritos ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeranse polo disposto na lei citada no número anterior, na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e nas demais normas complementarias.

Artigo 17. *Programa de xestión e avaliación.*

O Real Padroado aprobará un programa de xestión onde se fixen os obxectivos e se estableza un marco de avaliación e de control, mediante os oportunos indicadores, que

serán desenvolvidos no estatuto. Un dos obxectivos que se avaliará será a eficiencia na xestión e o labor de captación de recursos propios por parte do Real Padroado e do director do MNCARS.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación, orzamentario e económico-financeiro

Artigo 18. *Réxime de contratación.*

1. O réxime de contratación do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexerá polo disposto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo do disposto no número seguinte.

2. Nos contratos relacionados coa actividade comercial do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, esta entidade aplicará as normas previstas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para os contratos de poderes adxudicadores que non teñan o carácter de Administración pública. Estes contratos non terán o carácter de contratos administrativos.

3. Entenderanse como actividades comerciais do Museo aquelas que estean vinculadas á organización de exposicións temporais. Inclúense neste concepto, entre outras, o transporte, montaxe e desmontaxe das ditas exposicións, os comisariados, as cotas de préstamo e depósito e os contratos de seguro.

Así mesmo, consideraranse actividades comerciais as ligadas á explotación dos servizos comerciais e de dereitos de propiedade intelectual e industrial do organismo.

Artigo 19. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- b) Os produtos e rendas do patrimonio propio e adscrito.
- c) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) As transferencias correntes ou de capital que procedan de administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios, de dereito público ou privado, que procedan do exercicio da súa actividade.
- f) As subvencións, achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- g) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio ou esponsorización de actividades ou instalacións.
- h) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

2. Os recursos especificados no parágrafo anterior, con excepción dos sinalados nas letras c) e d), constituirán os recursos propios do organismo.

3. O Real Padroado do Museo e o director realizarán un labor activo de captación de recursos propios especialmente os derivados do exercicio da actividade do Museo, as achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares e dos ingresos recibidos como consecuencia do patrocinio ou esponsorización de instalacións.

Artigo 20. *Ingresos por acceso ás coleccións e cesión de espazos.*

1. Os ingresos procedentes das prestacións que os visitantes dos inmobles que integran o patrimonio do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía deban satisfacer polo acceso á colección permanente exhibida neles, teñen a natureza de prezos públicos, ao abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. O

establecemento ou modificación da súa contía será feito polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, logo de autorización do Ministerio de Cultura.

2. Os ingresos procedentes da utilización de espazos dos inmobles, propios ou adscritos, que estean cualificados como demaniais, teñen a natureza de taxa, e regúlanse no capítulo VI do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. O establecemento ou modificación da súa contía farase a través de orde ministerial específica, por iniciativa do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

3. A xestión e recadación dos prezos e das taxas realizaraas o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, e ingresaraos no seu patrimonio.

4. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía pola prestación de servizos ou a realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan a natureza de taxas ou prezos públicos.

Artigo 21. *Participación en sociedades ou fundacións.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderá realizar actividades mercantís para o mellor cumprimento dos seus fins, incluída, se é o caso, a creación ou participación en sociedades ou fundacións cuxo obxecto sexa acorde cos fins do Museo.

Artigo 22. *Réxime económico-financeiro.*

O réxime orzamentario, de xestión económico-financeira, de contabilidade, de intervención e control financeiro, será o establecido na Lei xeral orzamentaria 47/2003, do 26 de novembro, coas excepcións establecidas nesta lei e os preceptos que a desenvolvan.

Artigo 23. *Réxime orzamentario.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento e remitirao ao Ministerio de Cultura para a súa posterior tramitación de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, consolidándose co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

2. O réxime de variacións do dito orzamento será o que se estableza no estatuto do organismo.

Artigo 24. *Contabilidade.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía estará sometido ao Plan Xeral de Contabilidade Pública, sen prexuízo das peculiaridades que deriven das características da súa actividade e que para o efecto sexan determinadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 25. *Control económico-financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica e polas demais normas que regulan as súas competencias, o organismo público estará sometido a control interno pola Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e auditoría pública nas condicións e nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 26. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía consistente no asesoramento xurídico e na representación e defensa en xuízo poderase encomendar aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, mediante a formalización do oportuno convenio, nos termos previstos no artigo 14 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo.

Disposición adicional primeira. *Accesibilidade universal.*

De acordo coa lexislación sectorial aplicable, as instalacións e dependencias, os canais e soportes, incluídos os virtuais, de comunicación e interacción co público e, en xeral, a programación e as actividades do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía serán accesibles ás persoas con discapacidade, que constituirán un grupo social de especial referencia para a actuación do organismo.

Disposición adicional segunda. *Utilización das distintas linguas oficiais do Estado.*

Atendendo á potencialidade cultural do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía como referente cultural de alcance internacional e co fin e efecto de contribuír á difusión e normalización do patrimonio plurilingüe do Estado español, promoverase nos materiais editados pola institución, así como na información inherente á obra exposta e naquela que se ofrece aos visitantes, o uso das distintas linguas oficiais do Estado.

Disposición adicional terceira. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

O estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía deberá recoller a posibilidade de subscribir convenios que permitan desenvolver a colaboración do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía con aquelas comunidades autónomas que teñan recoñecidas nos seus estatutos as competencias exclusivas en materia de cultura e que contén con algún centro dedicado a finalidades similares en ámbito e obxecto ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Disposición transitoria primeira. *Duración do mandato dos vogais designados no momento de entrada en vigor desta lei.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei procederase á renovación dos vogais designados do Real Padroado, nos termos previstos no Real decreto 318/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Disposición transitoria segunda. *Integración do persoal.*

1. Unha vez aprobado o estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, o réxime de persoal do organismo público establecido nos artigos 12 e 13 entrará en vigor no prazo dun ano contado desde a publicación do convenio colectivo.

2. O persoal laboral que preste os seus servizos no organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no momento en que entre en vigor o novo réxime de persoal previsto na lei integrárase no organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía cos mesmos dereitos e obrigas que tivese no organismo autónomo.

Os funcionarios destinados no organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderán optar, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor do réxime de persoal recollido na lei, por se integrar como persoal laboral do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, con recoñecemento da antigüidade que lles corresponda, e quedarán nos seus corpos de orixe na situación de servizos especiais.

Os funcionarios que non opten pola integración no organismo público no prazo establecido no parágrafo anterior permanecerán no organismo en situación de servizo activo ou noutras situacións con reserva de posto, e ocuparán o que tivesen asignado.

Os postos de traballo ocupados polos citados funcionarios consideraranse «a amortizar», e suprimiranse cando o funcionario que os ocupe abandone o organismo por calquera causa.

3. A integración como persoal laboral do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía resultante da aplicación do disposto no número anterior efectuarase con respecto dos dereitos que tivese recoñecidos, asignándolle as tarefas e funcións que correspondan, de conformidade co grupo de titulación de procedencia no caso de persoal funcionario ou da categoría profesional no caso de persoal laboral, de acordo coa estrutura orgánica que se aprobe e con independencia das que viñesen desempeñando ata o momento da súa integración.

4. Ata a entrada en vigor do novo réxime de persoal, a estrutura de negociación colectiva manterase coa normativa e órganos de representación vixentes no organismo autónomo.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio patrimonial.*

1. Os bens de titularidade estatal, tanto de dominio público como patrimoniais, incluídos os bens mobles de valor histórico ou artístico contidos nas instalacións e dependencias do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía ou depositados a favor doutras persoas públicas ou privadas, que se inscribisen nos inventarios do Museo como pertencentes a el ou se encontren adscritos ao organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no momento de entrada en vigor desta lei, suxeitaranse ás súas disposicións, e quedarán adscritos ao novo organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

2. Sen prexuízo da inmediata utilización por parte do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía dos bens afectados ao organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, o Ministerio de Economía e Facenda procederá á definitiva adscrición formal daqueles no prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei.

3. Continuará aplicándose aos bens mobles de valor histórico ou artístico depositados por outras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, no momento de entrada en vigor desta lei, o mesmo réxime xurídico que tivesen nese momento.

Disposición transitoria cuarta. *Subrogación.*

1. O organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía subrogarase na totalidade dos dereitos e obrigas do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, desde o momento en que entre en vigor esta lei.

2. O organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía subrogarase, así mesmo, nos contratos celebrados polo organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Os contratos que fosen formalizados polo organismo autónomo antes da entrada en vigor desta lei, rexeranse polas normas establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, de acordo co que establezan os seus pregos de cláusulas administrativas particulares, ata a súa completa extinción.

Así mesmo, os expedientes de contratación nos cales a data de inicio do expediente sexa anterior á entrada en vigor desta lei, rexeranse pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o artigo 83 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1990, así como todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, a Corporación RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, a Comisión Nacional do Sector Postal e o Consello Estatal de Medios Audiovisuais, o Museo Nacional do Prado e o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeranse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, por esta lei.

O Goberno e a Administración xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, se é o caso, con estrito respecto aos seus correspondentes ámbitos de autonomía.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado.*

1. Modifícase o número 1 do artigo 1 da Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. O Museo Nacional do Prado é un organismo público, dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pública e privada, para o cumprimento dos seus fins.»

2. Modifícase o artigo 7 da Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Composición.*

1. A presidencia de honra do Real Padroado corresponde a SS.MM. os Reis de España.

2. O Real Padroado estará integrado por un mínimo de 20 vogais e un máximo de 40, dos cales terán o carácter de natos os que determine o Estatuto do Museo Nacional do Prado. O resto dos vogais terá o carácter de designados. Estes vogais desempeñarán o seu mandato durante cinco anos, que se pode renovar ata dúas veces por períodos de igual duración. O seu cesamento producirase ao finalizar o seu mandato ou anticipadamente por renuncia, falecemento ou incapacidade. Para a elección dos vogais designados, terase en conta a presenza equilibrada de mulleres e homes.

3. Ata un máximo de 15 vogais dos designados serán nomeados libremente polo titular do Ministerio de Cultura entre persoas de recoñecida competencia en asuntos relacionados co patrimonio cultural, que se distinguisen pola súa traxectoria neste ámbito.

4. Ata un máximo de 10 vogais dos designados serán nomeados polo titular do Ministerio de Cultura, por proposta do Real Padroado tramitada a través da

Dirección do Museo, por razón das contribucións de calquera natureza realizadas ao Museo ou ao cumprimento dos seus fins.

5. O Pleno do Real Padroado elixirá, entre os vogais por designación, as persoas que ocuparán a Presidencia e a Vicepresidencia, que serán nomeadas polo titular do Ministerio de Cultura por un período de cinco anos. Así mesmo, o pleno designará unha persoa para exercer as tarefas de secretaría, quen non terá a condición de membro deste.

6. O Real Padroado actúa en pleno e en comisión permanente. Integran o pleno a totalidade dos vogais natos e designados. A comisión permanente está composta por aqueles que ocupen a Presidencia e a Vicepresidencia do Real Padroado e a Dirección do Museo e un número de seis vogais do Pleno elixidos por este.

7. O Real Padroado poderá acordar o nomeamento de patróns e patroas de honra na forma que determine o Estatuto do Museo Nacional do Prado.»

Disposición derradeira terceira. *Mantemento de determinadas disposicións.*

1. O Real decreto 318/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, manterase en vigor, no que non se opoña a esta lei, ata a entrada en vigor do novo estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

2. En todo caso, os artigos 5 e 8 do Estatuto do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía seguirán vixentes mentres non entre en vigor o novo estatuto do organismo.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

Engádese unha nova disposición adicional décimo novena á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo novena. *Réxime tributario do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía será considerado entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 25/1998, do 13 xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público.*

O artigo 55 bis da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A xestión e recadación da taxa corresponderá a cada unha das direccións xerais ou organismos públicos de quen dependa a institución cultural.

2. O importe da recadación desta taxa no que afecta os organismos públicos do Ministerio de Cultura formará parte do orzamento de ingresos do correspondente organismo xestor.»

Disposición derradeira sexta. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Entenderanse como actividades prioritarias de mecenado as realizadas polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía para efectos da aplicación dos incentivos fiscais ao

mecenado establecidos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Para tales efectos, a Lei de orzamentos xerais do Estado poderá elevar en cinco puntos porcentuais, como máximo, as porcentaxes e límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da dita lei.

Disposición derradeira sétima. *Réxime fiscal.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía quedará sometido ao mesmo réxime fiscal que corresponda ao Estado.

Disposición derradeira oitava. *Aprobación do estatuto.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o novo estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, que se adecuará a esta.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO